



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

RESOLUCIÓN

Aprobación bases reguladoras dos servizos de Conciliación 2026/2027 e fichas de inscrición

ANTECEDENTES:

Expediente 2026/G003/000413. Aprobación bases reguladoras dos servizos de Conciliación 2026/2027 e fichas de inscrición

Antecedentes

O V Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Boqueixón, na área de intervención número 7.2, área estratéxica 2. establece como obxectivo estratéxico o apoio á conciliación corresponsable da poboación de Boqueixón.

O mantemento da oferta de recursos municipais para facilitar que as familias poidan compatibilizar o traballo co coidado dos seus fillos e fillas ao longo do curso escolar e nos períodos vacacionais, e reforzalos, no caso de novas necesidades e demandas, é unha das principais medidas a desenvolver.

Por iso, desde esta Administración Local considérase esencial ofertar servizos ás familias que faciliten a harmonización da súa vida persoal, laboral e familiar co coidado de fillos e fillas menores.

Ditos servizos terán un carácter lúdico educativo, de ocio, para os nenos e nenas que cursen 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, como alternativa durante o período lectivo ou vacacional.

Así mesmo, de acordo co sinalado no artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, a Administración Local para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O Concello de Boqueixón, a través das Concellerías de Servizos Sociais e Igualdade ven fomentando no ámbito das súas competencias, o desenvolvemento de programas de conciliación da vida familiar e laboral, de corresponsabilidade.

Con este obxectivo ofértanse os seguintes programas lúdico educativos a realizar durante o período escolar, nas seguintes datas e horarios, ano 2026 e 2027:

(Curso escolar do 9 de setembro de 2026 a 21 de xuño 2027).

- Madrugada Boqueixón: programa de conciliación ofrece un servizo de acollida, coidado e vixilancia á rapazada antes do comezo das clases e que se desenvolve durante todos os días do período lectivo do ensino de 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria no CPI Orza Couto. Establécese o coidado e atención dos/das menores ante do comezo



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

das aulas.

Os almozos, que serán por conta dos escolares participantes do CPI Orza Couto, poderanse quentar e servir polo persoal que preste madrugada Boqueixón, con menaxe de cociña facilitado polo centro escolar.

Horario: 7:30 a 9:00 horas.

- Tardes educativas e de Lecer: programa de conciliación que se desenvolve despois do remate da xornada lectiva, durante todos os días do período lectivo do ensino infantil, de primaria e de secundaria no CEIP de O Forte.

Ofrece dous servizos en espazos diferenciados. Por unha banda e segundo a demanda de cada familia, a rapazada realizará as tarefas escolares diarias, con vixilancia e apoio de monitoras/res especializadas/os e resolvendo as dúbidas en caso de necesitalo e por outra banda a rapazada tamén realizará actividades lúdicas: lecturas, xogos e obradoiros variados.

Horario: 15:30 a 18:30 horas.

E ofértanse os seguintes programas lúdico educativos a realizar durante períodos vacacionais, de carácter extraescolar, ano 2026/2027:

Nadal Activo: programa de conciliación que se desenvolve no mes de decembro 2026/2027 (días 22, 23, 28, 29 e 30) e xaneiro do 2027 (días 4, 5 e 7 de 2027), coincidindo co período vacacional do nadal.

Horario: 09:00 a 14:00 horas.

Entroido Activo: programa de conciliación que se desenvolve no mes de febreiro 2027 (días 8, 9 e 10), coincidindo co período vacacional do entroido.

Horario: 09:00 a 14:00 horas.

Semana Santa Activa: programa de conciliación que se desenvolve o mes de marzo 2027 (días 22, 23, 24 e 29), coincidindo co período vacacional da semana santa.

Horario: 09:00 a 14:00 horas.

Verán Activo: programa de conciliación que se desenvolve nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro 2027 (días comprendidos entre o 22 de xuño e o 9 de setembro, excepto festivos e fins de semana), coincidindo co período vacacional do verán.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Horario: en horario de 09:00 a 14:00 horas. Nos meses de xullo e agosto o horario amplíase de 8:00 a 15:00 horas, co chamado programa + concilia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

O artigo 25.1 sinala que o concello para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da súa comunidade vecinal...

O artigo 25.2.I ...Ocupación e tempo libre

- O V Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Boqueixón, aprobado en Xunta de Goberno do 19 de maio de 2023.

Área de intervención número 7.2, área estratéxica 2. Desenvolvemento económico comprometido coa Igualdade e coa conciliación corresponsable, que é obxectivo estratéxico do Concello de Boqueixón, o apoio á conciliación corresponsable da poboación do municipio.

O mantemento da oferta de recursos municipais para facilitar que ás familias poidan compatibilizar o traballo co coidado dos seus fillos e fillas ao longo do curso escolar e nos períodos vacacionais, e reforzalos, no caso de novas necesidades e demandas, é unha das principais medidas a desenvolver.

- Os programas de conciliación do concello teñen como obxectivo facilitar que as familias poidan harmonizar a súa vida persoal, laboral e familiar co coidado de fillos e fillas menores, fomentar a igualdade entre mulleres e homes, nenos e nenas participantes nas actuacións e que se terá en conta o nivel de rendas e cargas familiares das persoas que soliciten a participación nas medidas de conciliación polo que aos prezos establecidos polos servizos de conciliación aplicaránse bonificacións en función da renda das unidades familiares das persoas usuarias do servizo en relación ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) para o ano 2026 determinado na Disposición adicional nonaxésima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE n.º 308 do 24 de decembro de 2022) que á falta de actualización oficial para 2026, o IPREM vixente é o mesmo que en anos anteriores.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.

Aprobar as bases reguladoras dos servizos de conciliación: Madruga Boqueixón, Tardes Educativas e de Lecer, nadal activo, entroido activo, semana santa activa e verán activo 2026/2027 e as memorias de actuación de cada

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

servizo.

Artigo 1. Conceptualización dos servizos ofertados

Programas lúdicos e educativos que supoñen unha alternativa de ocio que pretenden garantir a conciliación da vida familiar e laboral e fomentar a corresponsabilidade doméstica e social durante os períodos escolares: Madrugada Boqueixón e Tardes divertidas e de lecer e durante os períodos vacacionais do Nadal, entroido activo, semana santa activa e verán activo. Facilitar que as familias poidan harmonizar a súa vida persoal, laboral e familiar co coidado de fillos e fillas menores, mediante unha alternativa de ocio.

Ademais como obxectivo específico trátase de potenciar os servizos municipais de apoio ás familias e potenciar igualmente que as familias con escasos recursos económicos ou en situación de exclusión social, violencia de xénero e risco de desamparo, se beneficien dos servizos tendo de dereito a bonificacións ou non tendo que aboar os servizos prestados.

Por outra banda todos os servizos a realizar fomentarán a adquisición de hábitos e habilidades sociais que favorezcan a solidariedade, o compañeirismo, a igualdade de xénero, a diversidade e o traballo en equipo.

Nos servizos programaranse eixos temáticos arredor dos cales se organizarán as actividades. En todas as programacións deberase conter un módulo, que de xeito transversal traballe a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o respecto á diversidade e a promoción do uso da lingua galega.

Con un modelo de intervención socio educativo baseado en temas transversais e contidos diversos fomentárase o enriquecemento da formación como persoas, adquirindo valores e actitudes que permitan intervir na sociedade dun xeito positivo e consciente.

Artigo 2. Destinatarios

Serán destinatarias/os dos servizos de conciliación e por orden de preferencia:

- 1) Rapazada que curse 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos e cuxos proxenitores/ras e /ou titoras/res legais estean empadroados/as en Boqueixón (mínimo 3 meses de antigüidade)
- 2) Rapazada que curse 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos e que estean escolarizados nun centro educativo do concello de Boqueixón.
- 3) Rapazada que curse 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, e que desfruten de períodos vacacionais coas súas familias extensas empadroadas en Boqueixón.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

4) Rapazada que curse 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos e cuxos proxenitores/ras e /ou titoras/res legais estean empregados en entidades públicas, privadas ou empresas do concello de Boqueixón.

5) Ao non tratarse dun servizo de educación especial, no caso de que a/o menor requira unha atención individualizada, a/o solicitante do servizo deberá presentar un informe recollendo as necesidades específicas do/da menor, quedando a súa admisión supeditada á valoración e resolución por parte do órgano competente, tras os informes oportunos da entidade prestadora/adxudicataria do servizo.

6) Respecto dos solicitantes citados anteriormente e tendo en conta o orden de preferencia, no acceso aos servizos teránse en conta os criterios de rendas e de cargas familiares e as situacións de exclusión social, violencia de xénero e risco de desamparo.

Artigo 3. Número de prazas:

O número de prazas ofertadas no servizo de Madruga Boqueixón é de 15 prazas.

O número de prazas ofertadas no servizo de Tardes divetidas e de lecer é de 30 prazas.

O número de prazas ofertadas no servizo de Nadal activo é de 30 prazas.

O número de prazas ofertadas no servizo de Entroido activo é de 30 prazas.

O número de prazas ofertadas no servizo de Semana Santa activa é de 30 prazas.

O número de prazas ofertadas no servizo de Verán activo é de 45 prazas no mes de xuño, 120 prazas no mes de xullo, 60 prazas no mes de agosto e 30 prazas no mes de setembro.

Artigo 4. Lugar de realización:

Instalacións do CPI Antonio Orza Couto e nas instalacións municipais situadas en O Forte, habilitadas para estas actividades.

Artigo 5. Inscripcións:

Con carácter previo ao inicio de cada servizo, darase publicidade na páxina web do concello e nas redes sociais do concello de Boqueixón, dos prazos establecidos de inicio e remate das solicitudes de inscrición e das fichas de inscrición.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

As inscricións realizaranse enviando a ficha de solicitude e demais documentación solicitada por una das seguintes vías:

Telemática, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente).

Presencial, mediante ficha de solicitude presentada no Rexistro xeral do concello.

A confirmación de admisión nos servizos de conciliación será obxecto de publicación na páxina web municipal.

No servizo do Verán activo e dado o amplo número de prazas ofertadas o procedemento de confirmación de prazas é o seguinte:

1. Listaxe provisional de admitidos/das: unha vez rematado o prazo de inscrición, publicarase na web municipal a lista provisional de admitidos/das e excluídos/das.
2. Prazo de reclamacións: unha vez publicada a listaxe disporase de 3 días naturais para presentar alegacións.
3. Listaxe definitiva de admitidos/das: publicarase transcorridos 5 días naturais dende o remate do prazo de alegacións.

No resto dos servizos de conciliación o procedemento de confirmación de prazas será similar ao do verán activo nos supostos nos que existan máis solicitudes que prazas ofertadas.

Cabe a posibilidade de matricularse por días soltos ou por semanas, no caso de existir prazas vacantes, con preaviso de tres días ,por escrito e sempre que existan prazas dispoñibles.

Finalizados os prazos de inscricións e no caso de que quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por novas solicitudes tendo en conta o orden de preferencia establecido no artigo 2 e con o rexistro de entrada no concello de Boqueixón.

Documentación xustificativa que se ten que achegar xunto coa solicitude de inscrición :

- A) Fotocopia da tarxeta sanitaria do/da menor
- B) De ser o caso o informe médico do/da menor no que se reflectan alerxias, intolerancias ou calquera outro incidente que teña que ser atendido individualmente.
- C) Certificado de estar a/o menor escolarizado nun centro educativo do Concello de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

D) Certificado de empadronamento conxunto no concello de Boqueixón, respecto de familias extensas

E) Cabeceira da nómina do/da solicitante no que figure que está contratada/do por entidade pública, privada ou empresa ubicada no concello de Boqueixón.

Nos supostos nos que se solicite bonificación:

A) Declaración da renda do 2025 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala (Obrigatoria nos supostos de solicitar bonificacións) respecto daqueles casos nos que se solicite exención ou bonificación para os participantes e os segundos e terceiros e sucesivos membros da unidade familiar matriculados no mesmo período de tempo

B) Documentos acreditativos de situación de emerxencia social, familia vítima de violencia de xénero, ou outras situacións que previa valoración técnica do departamento de Servizos Sociais ou do Centro de Información á Muller, poidan dar lugar a exención ou bonificación nos servizos de conciliación.

Ao igual que as inscricións, toda modificación de solicitudes presentadas, corrección de erros, baixa no servizo ou calquera outra cuestión que afecte ao servizo deberá presentarse por vía telemática, a través da sede electrónica do concello ou ben de xeito presencial por rexistro de entrada.

Artigo 6. Listaxe de agarda

No caso de haber máis solicitantes que prazas ofertadas, confeccionarase un listado de agarda, tendo en conta a prioridade das nenas e nenos empadroados en Boqueixón. De producirse baixas ou a non inscrición de xeito correcto de algunha persoa inicialmente admitida, poderanse completar as prazas vacante e tendo en conta o disposto no artigo 2 en canto a criterios de preferencia, co orde no que estean inscritos as/os solicitantes neste listado de agarda. Para isto, comunicáraselle de xeito inmediato mediante chamada telefónica, e abrindo un prazo especial de tres días naturais para formalizar a matrícula.

Artigo 7. Entrega e recollida dos menores

A entrega e recollida das/dos menores deberá realizarse dentro das marxes da xornada de cada actividade. Os pais e nais poden autorizar a calquera outra persoa maior de idade para recoller aos seus fillo e fillas, tal e como se indicará na ficha de solicitude de inscrición.

Se existira algunha circunstancia de orde legal especial na relación de algún dos proxenitores coa ou co menor debe avisarse explicitamente. Do contrario calquera deles pode recoller e autorizar recollidas das e dos menores.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Excepcionalmente autorizarase a recollida das e dos menores das actividades de conciliación por persoas menores de dezaioito e maiores de dezaseis, debendo solicitarse mediante escrito presentado no rexistro xeral do concello ou ben a través da sede electrónica do concello.

Artigo 8. Saídas

As e os menores participantes nos servizos de conciliación poderán realizar saídas enmarcadas dentro da programación do servizo, e así comunicadas aos pais, nais ou responsables legais, os cales poderán opoñerse a ditas saídas, previa comunicación por rexistro municipal e con antelación de alo menos dez días antes.

Estas saídas teñen por obxecto favorecer o establecemento de relacións sociais en espazos diversos, observar e explorar a contorna e o propio concello e tamén coñecer algunhas manifestacións naturais e culturais do medio.

As saídas poderán non ser destinadas a todas as franxas de idades, debido ao tempo de duración, percorridos sinalados ou outras dificultades que poidan xurdir. Neste caso manterase nas instalacións do servizo á conciliación cos e cas menores que non poidan acudir.

Artigo 9. Obrigados ao pago. Forma de pago.

Están obrigados ao pago dos prezos públicos as persoas usuarias ou beneficiarias dos servizos de conciliación Madruga Boqueixón, Tardes Educativas e de Lecer, Nadal activo , Entroido activo, Semana Santa activa e Verán Activo 2026-2027, desde o momento da formalización da inscrición na actividade.

O prezo total a pagar polos servizos de conciliación Madruga Boqueixón, Tardes Educativas e de Lecer, Nadal activo , Entroido activo , Semana Santa activa será cargado na conta bancaria indicada polo proxenitor/a ou titor/a legal do/da menor.

O prezo a pagar polo servizo de conciliación Verán Activo será ingresado polas persoas usuarias ou beneficiarias na conta do concello cunha antelación de 10 días antes do comezo da actividade, especificando en concepto o nome , apelidos e quenda na que participa no seguinte número de conta bancaria do concello: ABANCA ES68 2080 0320 2531 1000 0666.

O xustificante bancario do aboamento do servizo verán activo deberá presentarse así mesmo no departamento do Centro de Información á Muller, do Concello de Boqueixón ou a través do correo cim@boqueixon.com.

O impago dos servizos de conciliación Madruga Boqueixón, Tardes Educativas e de Lecer, Nadal activo , Entroido activo , Semana Santa activa e Verán Activo 2025 (10 días antes do comezo da actividade) darán lugar á anulación da praza reservada.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Procederá a devolución do importe satisfeito cando o servizo ou a actividade non se presten por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, e cando non sexa admitida a solicitude de inscrición. Nos demais casos, a falta de asistencia ao servizo ou actividade en que o interesado figure inscrito dará dereito á devolución, como máximo, do 80 por cento do ingresado, sempre que o obrigado ao pagamento comunique a súa renuncia mediante escrito rexistrado de entrada no concello cunha antelación mínima de cinco días ao sinalado para o comezo do correspondente servizo ou actividade, acompañando o resgardo expedido pola entidade colaboradora.

SEGUNDO.

Aprobar modelo base das fichas de inscrición dos servizos ofertados 2026, que soamente variará no relativo ao cadro de prezos públicos dos servizos ofertados:

A) Solicitude de inscrición nos servizos Madruga Boqueixón e Tardes Educativas e de Lecer 2026/2027 (Só varia o cadro de prezos públicos).

Datos da/do menor

Nome e apelidos:	
Data de nacemento:	Curso:
Data comezo	Hora de entrada: Hora de saída:
Realiza outras actividades: SI ☐ NON ☐	Observacións
Indicar:	

Datos da nai/pai ou titor/titora legal:

Nome e apelidos:	DNI:
Teléfono de contacto 1::	Teléfono de contacto 2
Correo electrónico:	
Dirección:	
Número de conta bancaria :	
Nome, apelidos e DNI do titular da conta bancaria:	

Prezo:

	Frecuencia de asistencia	Custo mensual	Días de actividade
	1 día / semana		
	2 días / semana		
	3 días / semana		
	4 días /semana		
	5 días / semana		
	Días soltos		

Exencións e bonificacións

Supostos de bonificación	Porcentaxe de bonificación
--------------------------	----------------------------

FIRMADO POR Ovidio Rodeiro Tato (FECHA: 16/07/2026 10:14:00) , Dalmiro Núñez Méndez (FECHA: 16/07/2026 10:59:00)
Decreto N°: 385/2026 - Fecha de decreto: 16/07/2026
Versión imprimible
CVD: edm/SvPoosORFdXVRqGd Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.boqueixon.com/



CONCELLO DE
BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tlfs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Supostos de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais/Centro de Información á Muller.	100 %
Unidades familiares con ingresos que non superen o IPREM: 600,00 € / mes. 7.200,00 € / ano (12 pagas); 8.400,00 € / ano (14 pagas)	100 %
Unidades familiares e familias numerosas con ingresos que non superen en 2 veces o IPREM: 1.200,00 € / mes; 14.400,00 € / ano (12 pagas); 16.800,00 € / ano (14 pagas).	75 %
Unidades familiares e familias numerosas con ingresos que non superen en 3,5 veces o IPREM : 2.100,00 € / mes; 25.200,00 € / ano (12 pagas); 29.400,00 € / ano (14 pagas).	50 %
* 2º membro da unidade familiar matriculado no mesmo período de tempo.	25 %
* 3º e sucesivos membros da unidade familiar matriculados no mesmo período de tempo	50%

Cálculo do IPREM (Declaración do IRPF 2025): base imponible xeral (recadro 435) + base imponible de aforro (recadro 460) dividido entre 12 meses.

Documentación xustificativa que se ten que achegar xunto coa solicitude:

- ☐ Fotocopia da tarxeta sanitaria do/da menor
- ☐ De ser o caso, informe médico do/da menor no que se reflictan alerxias, intolerancias, enfermidades específicas, discapacidades ou calquera outro incidente que teña que ser atendido individualmente.
- ☐ Certificado de estar a/o menor escolarizado nun centro educativo do concello de Boqueixón.
- ☐ Certificado de empadramento conxunto no concello de Boqueixón respecto da familia extensa.
- ☐ Cabeceira da nómina da/do solicitante no que figure que está contratada/do por entidade pública, privada ou empresa ubicada no concello de Boqueixón

Nos supostos nos que se solicite bonificación:

- ☐ Declaración da renda do 2025 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala (Obrigatoria nos supostos de solicitar bonificacións) respecto daqueles casos nos que se solicite exención ou bonificación para os participantes e os segundos e terceiros e sucesivos membros da unidade familiar matriculados no mesmo período de tempo.
- ☐ Documentos acreditativos de situación de emerxencia social, familia vítima de violencia de xénero, ou outras situacións que previa valoración técnica do dpto de Servizos Sociais/Centro de Información á Muller, poidan dar lugar a exención ou bonificación nos servizos de conciliación

AUTORIZO ás seguintes persoas maiores de idade a recoller ao neno/a :

No	Si ou Non de ser o caso	DNI	Parentesco
☐	AUTORIZO ao Concello de Boqueixón a comprobar os datos no padrón municipal		
☐	AUTORIZO ao Concello de Boqueixón a ceder os datos do/a neno/a á empresa de monitores correspondente para a correcta organización do servizo		
☐	AUTORIZO ao meu fillo/a a participar nas saídas programadas fóra das instalacións das actividades		
☐	AUTORIZO á administración de medicamentos, no caso de ser necesario		
☐	AUTORIZO ao traslado do neno/a ante unha emerxencia		
☐	AUTORIZO ao Concello de Boqueixón para que realice a captación de fotografías, gravación de imaxes e/o rexistro de son da actividade organizada polo concello, no que apareza o/a neno/a, antedito/a, ben a título individual ou formando parte dun grupo.		
☐	NON AUTORIZO ao Concello de Boqueixón para que realice a captación de fotografías, gravación de imaxes e/o rexistro de son da actividade organizada polo concello, no que apareza o/a neno/a, antedito/a, ben a título individual ou formando parte dun grupo.		

(*) As imaxes e sons destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do concello de Boqueixón, mantendo sempre a observación dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Consoante ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados ao ficheiro do Concello de Boqueixón. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, comunicándoo por escrito a: Concello de Boqueixón, s/n. 15881 Boqueixón (A Coruña).

Boqueixón _____ de _____ de 202

Asdo.

SR. ALCALDE –PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

B) Solicitude de inscrición nos servizos Nadal activo, Entroido activo, Semana Santa activa e Verán activo 2026/2027 (Só con variacións nos prezos ofertados e táboa de importes a aboar no servizo do verán activo.

Datos da/o menor

Nome e apelidos
Data de nacemento
Domicilio:
Enfermidade/discapacidade (imprescindible presentar informe médico actualizado)
Sabe nadar
Non sabe nadar
Está interesada/do no servizo de comedor. (Horario de recollida ata ás 15:30 horas.
Non está interesada no servizo de comedor
Observacións

Datos proxenitores / titores legais

Nome e apelidos	DNI
Dirección	
Correo electrónico	
Teléfono de contacto 1	Teléfono de contacto 2

Quendas

Primeira quenda:
Segunda quenda:
Terceira quenda:
Cuarta quenda:
Quinta quenda:
Sexta quenda:
Semanas (Adxudicaranse no caso de quedar prazas vacantes no grupo de idade correspondente)
Días soltos (Adxudicaranse no caso de quedar prazas vacantes no grupo de idade correspondente)

+ Concilia

De 8:00 a 09:00 horas	De 14:00 a 15:00 horas
Observacións	

Prezos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Prezos actividade	
Semana	
Quincena	
Mes	
Días soltos	

+ Concilia: prezo hora	
Semana	
Quincena	
Mes	
Días soltos	

Exencións e bonificacións

Supostos de bonificación		Porcentaxe de bonificación
	Supostos de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais/Centro de Información á Muller. *	100 %
	Unidades familiares con ingresos que non superen o IPREM: 600,00 € / mes. * 7.200,00 € / ano (12 pagas); 8.400,00 € / ano (14 pagas)	100 %
	Unidades familiares e familias numerosas con ingresos que non superen en 2 veces o IPREM: 1.200,00 € / mes; * 14.400,00 € / ano (12 pagas); 16.800,00 € / ano (14 pagas).	75 %
	Unidades familiares e familias numerosas con ingresos que non superen en 3 veces o IPREM : 1.800,00 € / mes; * 21.600,00 € / ano (12 pagas); 25.200,00 € / ano (14 pagas).	50 %
* 2º membro da unidade familiar matriculado no mesmo período de tempo.		25 %
* 3º e sucesivos membros da unidade familiar matriculados no mesmo período de tempo		50%
* Para aplicar esta bonificación é requisito que a base imponible do IRPF da unidade familiar sexa menor que o triplo do IPREM (tributación individual, media) ou que o séxtuplo do IPREM (tributación conxunta).		

Cálculo IRPF (renda 2025): base imponible xeral (recadro 435) + base imponible de aforro (recadro 460) dividido entre 12 meses.

Documentación xustificativa que se ten que achegar xunto coa solicitude:

- ☐ Fotocopia da tarxeta sanitaria do/da menor
- ☐ De ser o caso, informe médico do/da menor no que se reflicten alerxias, intolerancias, enfermidades específicas, discapacidades ou calquera outro incidente que teña que ser atendido individualmente.
- ☐ Certificado de estar a/o menor escolarizado nun centro educativo do concello de Boqueixón.
- ☐ Certificado de empadramento conxunto no concello de Boqueixón respecto da familia extensa.
- ☐ Cabeceira da nómina da/do solicitante no que figure que está contratada/do por entidade pública, privada ou empresa ubicada no concello de Boqueixón

Nos supostos nos que se solicite bonificación:

- ☐ Declaración da renda do 2025 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala (Obrigatoria nos supostos de solicitar bonificacións) respecto daqueles casos nos que se solicite exención ou bonificación para os participantes e os segundos e terceiros e sucesivos membros da unidade familiar matriculados no mesmo período de tempo.
- ☐ Documentos acreditativos de situación de emerxencia social, familia vítima de violencia de xénero, ou outras situacións que previa valoración técnica do dpto de Servizos Sociais/Centro de Información á Muller, poidan dar lugar a exención ou bonificación nos servizos de conciliación

Importe da quenda	Importe + concilia	TOTAL(coas bonificacións no seu caso)
Núm. conta bancaria do concello: ABANCA ES68 2080 0320 2531 1000 0666		

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Poñer en concepto: datos participante e quenda correspondente

AUTORIZO ás seguintes persoas maiores de idade a recoller ao neno/a na actividade

N Nome e apelidos	DNI	Parentesco

SINALAR, de ser o caso

AUTORIZO ao Concello de Boqueixón á comprobar os datos no padrón municipal
AUTORIZO ao Concello de Boqueixón a ceder os datos do/a neno/a á empresa de monitores correspondente para a correcta organización do servizo
AUTORIZO ao meu fillo/a a participar nas saídas programadas fóra das instalacións das actividades
AUTORIZO á administración de medicamentos, no caso de ser necesario
AUTORIZO ao traslado do neno/a ante unha emerxencia
AUTORIZO ao Concello de Boqueixón para que realice a captación de fotografías, gravación de imaxes e/o rexistro de son da actividade organizada polo concello, no que apareza o/a neno/a, antedito/a, ben a título individual ou formando parte dun grupo.
NON AUTORIZO ao ao Concello de Boqueixón para que realice a captación de fotografías, gravación de imaxes e/o rexistro de son da actividade organizada polo concello, no que apareza o/a neno/a, antedito/a, ben a título individual ou formando parte dun grupo.

(*) As imaxes e sons destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do concello de Boqueixón, mantendo sempre a observación dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados ao ficheiro do Concello de Boqueixón. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, comunicándoo por escrito a: Concello de Boqueixón, s/n. 15881 Boqueixón (A Coruña).

Boqueixón _____ de _____ de 202

Asdo.

SR. ALCALDE –PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

TERCEIRO.

Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

En Concello de Boqueixón, na data da sinatura electrónica

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es